



A poeta Estíbaliz Espinosa ante a eclipse: “Levo anos traballando esa trenza cósmica de poesía que mira ao ceo, así que ando con textos e merlos na cabeza”

[A Coruña](#) 12 de agosto de 2026

Claudia Varela Lourido

<https://xornaldacoruna.gal/2026/08/12/a-poeta-estibaliz-espinosa-ante-a-eclipse-levo-anos-traballando-esa-trenza-cosmica-de-poesia-que-mira-ao-ceo-asi-que-ando-con-textos-e-merlos-na-cabeza/>

A eclipse do 12 agosto poderá converterse, se cadra, nun acontecemento único na vida de milleiros de persoas. Non é necesario ser experto en astronomía para decatarse de que este fenómeno vai despertando a curiosidade día tras día. As sinerxias entre espazo, ceo e comunidade levan existindo milleiros de anos e, pouco a pouco, volven rexurdir cando se achegan acontecementos como a eclipse da vindeira semana. Sobre estas e outras cuestións reflexiona Estíbaliz Espinosa en conversa co Galicia Confidencial e co Xornal da Coruña. A súa biografía é moi ampla, mais sen dúbida unha das frases que mellor definen o seu labor é aquela que fala da “constelación que debuxan literatura, ciencia, música e maternidade”. Velaquí unha conversa que conxuga relato, ciencia, imaxinación e natureza.

Segundo a túa perspectiva, que ten unha eclipse que leva fascinando á humanidade desde hai milleiros de anos?

Unha eclipse, hoxe, é un mecanismo celeste que nos lembra que non todo o que vemos é o que parece. Fascina porque, segundo a perspectiva que tomemos, varía o que acontece: nós vemos unha superposición aquí, pero no resto do mundo será un solpor normal de mércores. E desde certo lugar do espazo veríamos tres corpos aliñados, Sol, Lúa e Terra (unha sicixia). Hai milleiros de anos non é que fosen máis parvos: xa sabían que as eclipses eran cousa da Lúa e o Sol. Convidada nunha charla no Planetario, o director dos Museos científicos coruñeses, Marcos Pérez, lanzaba unha gran cuestión: como é que, sabéndoo de sobra, se entregaban igual ao mito e ao rito? Non sei se a resposta é esa idea de que sen un relato, sen unha ficción que nos confira sentido, dá igual saber a verdade. O relato que nos contamos a nós mesmos impórtanos moito.

O ceo é un elemento permanente que todos damos por feito día tras día. Cres que o feito de estar acostumados a velo implica que se lle preste máis atención cun fenómeno como a eclipse?

É un libro que deixamos de ler, o ceo. Vémolos acotío, pero en xeral non nos interesa interpretalo, a diferenza de pobos máis antigos, que vivían cun calendario agrícola na cabeza e inmersos nun oikos redondo, en 360º. Vivimos baixo o mesmo ceo, si, pero pensa que nas cidades hai pouco horizonte, son en realidade retallos de ceo. Somos sensíbeis á paisaxe pero a celaxe —entendida como firmamento— semella un teito máis que hai que tapar con luminarias a todas horas. A contaminación lumínica insensibilízanos a outras luces que non sexan as nosas propias. Figúrate que até existe un proxecto de espellos orbitais para crear o día a capricho, cargándose os ritmos circadianos de quen sexa. Unha atrocidade. O costume é ademais un anestésico. Necesitamos a excepción, a breve fenda na rutina, para lembrar que o ceo existe. A eclipse funciona como un subliñado en fosforito na páxina do día, revélanos que a atmosfera non é un croma fixo, senón un océano de aire e luz onde, como di a copla, suceden “as vodas dos señores Sol e Lúa”.

Nesta liña, cres que seguimos vivindo as eclipses con capacidade de abraio ou a información constante fíxonos máis indiferentes?

É unha cuestión interesante porque aborda unha posibilidade moi real: o exceso de información ante algo que esixe atención e abraio de nós pode xerar rexeitamento ou indiferenza. Amigos xa me advertiron “Esti, a eclipse non é a maior das miñas prioridades”. Como é lóxico, nada que aconteza no ceo — de quitado un meteoro en rumbo de colisión ou a descuberta de vida nun exoplaneta ou asteroide— ten por que ser prioridade de ninguén. Iso non implica ver o ceo como algo que non nos incumbe: como diría a poeta Szyborska “como ceo, defeco ceo”. Somos, nun sentido non só no romántico ou pop, substancia celeste. Somos (quen o diría) un ceo. Porén, non os CEOs do ceo. Agora sabemos moito destes fenómenos, pero seguen a ser un laboratorio: grazas a eclipses descubriuse o helio ou corroborouse a teoría da relatividade de Einstein. Nesta eclipse, a ESA aproveitará para estudar a coroa solar, a atmosfera do Sol, ese anel de diamantes que veremos arredor do disco negro da Lúa, entre outras peculiaridades da nosa estrela matriz.

Ao longo da historia, as eclipses foron interpretadas como presaxios. Que analizas ti sobre as sinerxias entre ciencia, medo e imaxinación?

Certos medos son como a imaxinación traballando sen datos. Cando un dragón devoraba o Sol na antiga China, ou a cabeza dun demo rodaba coma un bolo polo espazo no val do Indo, a humanidade intentaba dar sentido ao fóra do común (ollo, non sempre o inesperado) mediante o mito. E digo non inesperado porque os ciclos Saros coñécense desde os babilonios, e leamos se non de novo a sátira de Augusto Monterroso titulada El eclipse. A ciencia non veu destruír esa poesía, non destece o arco da vella, senón que amplía o campo, dálle profundidade, dálle sombra. Saber que o Sol non esmorece, senón que a Lúa lle fai as beiras cunha precisión matemática de milímetros (grazas a que é 400 veces máis pequena pero está 400 veces máis preto), non lle quita maxia: as leis físicas seguen a ser poéticas, asombrosas, igual que o feito de estar vivo ou que non che tocasse ser cascuda nun soto ou cabalo nun incendio, dadas as probabilidades no Universo... Antes e despois dunha eclipse seguirán acontecendo cousas fabulosas, anódinas e terribes: interpretar o fenómeno como causa é confundir correlación e causalidade, un nesgo moi noso. O único temor podería ser o exceso de xente, de barullo, de magufadas, avalanchas, lesións nos ollos (sobre todo en cativos e maiores), etc. Cuestións máis sociolóxicas e sanitarias que cósmicas.

Como divulgadora, cal é o erro máis habitual que atopas cando se fala das eclipses?

Son escritora, non divulgadora. O de escribir desde cativa e levar anos publicando, queira ou non, non me deixan selo moito. Por iso, máis que de divulgación, considero o meu labor de comunicación, investigación e entrelazamento en poemas. Non teño o perfil de divulgadora, hai

xente facendo de perlas ese traballo (en asociacións astronómicas como Ío, Sirio, Vega ou de xeito individual en medios de comunicación). Dito isto, hai quen aborda as eclipses enfocando máis nun aspecto (o irrepitíbel desta cita galega de 2026, o fascinante da experiencia sensorial, as astrofotografías das perlas de Baily, do anel de diamante, dos rubís da cromosfera e todas esas xoias de cofre que se abren só durante a totalidade) ou noutro (a cuestión antropolóxica: o turismo de masas, a aparición das RRSS e o que traen consigo), ou ben en aspectos de ciencia como mencionaba antes. Unha confusión, máis que erro, ten que ver coas porcentaxes: considerar que unha eclipse parcial ao 99,99% é igual ao 100% está equivocado. Pensemos nas eclipses solares totais como se fosen binarias: 0 ou 1. Off ou on. Ou son ou non son. Se non estás na franxa de totalidade, do 100%, vas ver unha eclipse pero non a irrepitíbel: non a santa-naí das eclipses, así esteas nunha zona ao 99,99%. Esa porcentaxe expresa a porcentaxe de ocultación do Sol polo disco lunar, e o Sol é unha brutalidade lumínica: abonda ese 0,01 que escapa para que escache o prodixio. Por uns kms, eu non mo perdería. Tamén é confuso tratalas como un mero espectáculo visual: a ver, van ser 2 horas, é unha longametraxe a cámara moi lenta, non imos estar ollando cada minuto. É máis para sentir, escoitar o silencio das aves ou notar os cambios nas sombras e o vento. Creo que a saturación de información, boa e non tanto, dáunos unha responsabilidade de saber escoller o que é información científica, solvente e o que son chorradas para vender medo ou magufadas.

Que recomendacións darías a quen queira vivir esta experiencia por primeira vez?

Agás os cazadores de eclipses, todas as galegas e galegos somos primeirizas en eclipses totais de Sol. Do último na Coruña, en 1905, e do último en Galiza, en 1912, dubido que nos lembremos ningún dos que estamos vivos. Puidemos vivir eclipses parciais, eclipses anulares (en 2005), e eclipses de Lúa, claro. Pero como advirte a escritora Annie Dillard, “a diferenza entre unha eclipse parcial de Sol e unha total é como beixar a un home e casar con el, como voar nun avión e lanzarse del”. A experiencia extrema do segundo fai que sexa inédito para todas, aínda que tamén chamemos eclipse a unha parcial. Quizais habería que cambiarlle o nome: unha eclipse total de Sol é a Eclipse con maiúscula, por antonomasia. O resto, pálidas e asíntóticas aproximacións. Polo que a min respecta, podo recomendar: non coller o coche, buscar un lugar próximo a onde residas; levar os lentes só durante a parcialidade se miramos directamente o Sol; cando gozamos do ambiente non son necesarias. Só ao mirar como a Lúa vai mordendo o Sol, aí si é obrigatorio. As lesións e retinopatías son permanentes e irreversíbeis. Durante o minuto e uns segundos da totalidade, podes quitálas, pero leva un cronómetro! Así remate a totalidade, volve o perigo. Recomendo tamén procurar un lugar o menos ruidoso posíbel, con árbores (a sombra das follas repite multi-eclipses no chan), aves, insectos... E portar instrumentos de observación indirecta: caixa estenopeica caseira, unha peneira de metal cun folio en branco... E merenda: vaise facer longo.

Que cres que sentiremos cando o día se converta en noite durante uns minutos?

Non quero predispor a nada, que cadaquén vaia sendo o neno que é. Supoño que algo máis de fresco. Cores estrañas. Estrelas e planetas visíbeis (Arcturus, Vega, Venus, Xúpiter). E algo que non me vexo quen de anticipar agora nin creo doado de explicar con palabras. A noción de perspectiva cosmonauta da que boto man en textos e poemas. De saír de nós e observarnos desde fóra.

Que precaucións deberíamos tomar para observala con seguridade?

Primeiro: non mirar todo o tempo ao Sol. Recuperemos a ollada en 360º. Se estamos en contorna urbana, ver as sombras, o ambiente. Se estamos no rural, ver que talvez algunha galiña marche

que teña marchar (a durmir). Logo, evitar aglomeracións de xente, sobre todo preto da costa ou en lugares elevados. Non coller o coche, se é posíbel, e levar provisiones se é así. As precaucións sanitarias do fenómeno son só as oculares; o resto, como en calquera evento que mobilice ducias de miles de persoas.

Hai algún texto ou composición que che veña á cabeza cando pensas nunha eclipse?

Levo meses lendo e escribindo sobre eclipses, abofé que moitas! Acabo de rematar un Observatorio de ideas e textos de literatura e astronomía en Compostela, e vimos desde Arquíloco de Paros a Annie Dillard ou Deborah García Bello. Levo anos traballando esa trenza cósmica de poesía que mira ao ceo, así que ando con textos e merlos na cabeza: os de Dickinson, Cunqueiro, Billy Collins, os da antiga China...e cancións como a morna Eclipse ou Black Hole Sun, de Soundgarden (que non fala de eclipse ningunha). Pero nas dúas horas de parcialidade e no minuto de totalidade, só quero mirar o mundo como cando nena. Sereino. Estarei cos meus, e terei na cabeza, máis que poemas, o tacto das mans dos que se me foron antes e aínda evoco acotío. Que me gustaría vivilo con eles, contarllelo. Na cabeza só teño o gran poema do espazotempo. Os poemas dobran e furan as páxinas como buracos de verme, comunican esta eclipse de hoxe con aquel adxectivo dunha tarde de hai anos, con eles.

Cres que a eclipse vai potenciar que a xente reconecte coa natureza?

Faime graza a expresión reconectar coa natureza. Xa nos pensamos como cyborgs, sempre conectados a algo, ou ben o móbil, ou ben textos biónicos ou ben a Natureza... pero sempre con cables soltos, non? Somos parte da Natureza e estamos conectados a ela, nese sentido, o que a ela lle facemos sempre nolo facemos a nós. Supoño que a reconsideración romántica (ollo, romántica de Romanticismo europeo, non do sentido romántico popular) ou nostálgica da Natureza sempre está aí, porque no fondo nunca desconectamos de todo. Non é tanto unha reconexión como ver que vivimos á intemperie nun “pelouro que roda”, que diría Rosalía (a nosa).

Pensas que este fenómeno pode supoñer unha oportunidade para espertar o interese científico entre a poboación?

Sei que haberá alguén só nalgún lugar mirando o ceo ese día, preguntándose cousas, quizais feliz de estar aí ou botando de menos alguén, para o compartir. Preguntarse cousas é a ollada da ciencia, e esa levámola connosco. A ciencia interesa até a quen a despreza, porque somos unha especie curiosa, unha especie poética. Outra cousa son os prexuízos e nesgos que teñamos cara a ela, pero coido que vivimos nun momento de interese, cómpre agora valorala. A ciencia non comeza nas ecuacións, senón na curiosidade e na capacidade de facerse mellores preguntas. Unha eclipse, como as Perseidas que haberá esa mesma noite, horas despois, é dos mellores anzois fainos preguntar por que, como e cando. Unha xanela aberta para seguir entendendo e entrelazándonos ao universo do que somos parte.

Se tiveses que describir unha eclipse a alguén que nunca viu unha, usando só palabras, como o farías?

Non teño idea do que vou sentir así que, antes dos futuros textos que nin sei se escribirei, o que lle diría a alguén que non pode vela é que unha eclipse non se ve cos ollos tan só, senón que se ha sentir na “estranha forma de vida” que somos. É unha carambola da perspectiva que toca cada certo tempo, unha intemperie cósmica, como descubrir algo que sempre estivo aí e nunca viramos. Imaxinemos como será vista desde fóra ou como sería noutros planetas ou exoplanetas,

con máis de un Sol. É raro vivir, é raro vivir unha eclipse solar total (os meus pais, o meu irmán, nunca viviron unha). Ventureira estrela, a nosa.